



REMISIÓN DE INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCIERO

O pasado 26/02/2015 aprobouse por Resolución da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a Estratexia de auditoría de subvencións con fondos non comunitarios para o período 2015-2018. Coa mesma data, de conformidade co artigo 107 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobouse o Plan Anual de Auditoría para 2015, que inclúe, entre outras, as actuacións de control a realizar no ámbito das subvencións concedidas e financiadas con fondos non comunitarios, consonte á previsión establecida na Estratexia 2015-2018.

En particular, o Plan contempla a revisión das operacións que se detallan no anexo. Os controis realizáronse pola subdirección xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións que contou a tal efecto coa colaboración da empresa auditora adxudicataria do proceso de contratación actualmente en curso.

O informe provisional remítuselle aos efectos de abrir o prazo de alegacións, en cumprimento do artigo 47.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Unha vez rematado o prazo para recibir alegacións, emitimos o correspondente informe definitivo, o cal lle achegamos xunto con este escrito.

Ante calquera dúbida que se lle poida xurdir, estamos a súa disposición para resolvela no número de teléfono 981 545 713.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2015

O subdirector xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións

Manuel Castro Gil Amigo



FEDERACIÓN GALEGA
DE TAEKWONDO

24 NOV. 2015

REXISTRO ENTRADA:
REXISTRO SAÍDA:



ANEXO

MARCO	2007-2014	PLAN ANUAL	2015
AUDITORÍA	CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO		
REFERENCIA	FNC/2015/18	EXPEDIENTE AUDITADO	20110402212
GESTOR	S.X. DEPORTE		
CONSELLERÍA	PRESIDENCIA		
BENEFICIARIO	FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO	NIF	G15237233
IMPORTE	46.962,50 €		
AUDITOR	IXCA	COLABORADORA	a3m auditores



PLAN ANUAL 2015	SUBVENCIONS FONDOS NON COMUNITARIOS
REF AUDITORÍA	OP/FNC/2015/18.2
OPERACIÓN	Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Deportiva Galega de Taekwondo
UNIDADE XESTORA	Secretaría Xeral para o Deporte
CONSELLERÍA	Consellería de Presidencia
BENEFICIARIO	Federación Galega de Taekwondo
DESTINATARIO IP	Beneficiario
DATA EMISIÓN IP	13 de novembro de 2015
EMPRESA AUDITORA	A3M Auditores & Consultores del Noroeste, S.L.
DIRECCIÓN AUDIT	SX Auditoría Fondos Comunitarios e Subvencions

INFORME DEFINITIVO



ÍNDICE

1	Introdución	1
2	Datos da operación	2
2.1	Ficha técnica	2
2.2	Normativa reguladora	3
3	Metodoloxía e equipo de traballo	4
3.1	Metodoloxía	4
3.2	Equipo de traballo	5
4	Obxectivos, alcance e limitacións	6
4.1	Obxectivos	6
4.2	Alcance	7
4.3	Limitacións	8
5	Resultados do traballo	9
5.1	Feitos constatados no Órgano Xestor	10
5.2	Feitos constatados no Beneficiario	11
6	Conclusións	14
6.1	Conclusións respecto do Beneficiario	14
7	Opinión	15
8	Recomendacións	16
8.1	Recomendacións ao Beneficiario	16



1. INTRODUCCIÓN

O capítulo I do Título V do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, prescribe as condicións de execución e desenvolvemento do control interno da actividade económica e financeira da Comunidade. En particular, o artigo 93 da norma atribúe á Intervención Xeral a competencia de execución, sen prexuízo das competencias do Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, do Tribunal de Contas. O artigo 94 concreta o alcance e destinatarios do control financeiro, que se exercerá respecto das sociedades mercantís, empresas, entidades e particulares por razón das subvencións, créditos, avais e demais axudas da Comunidade o dos seus organismos autónomos, concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade. O artigo 103 establece o principio de independencia e autonomía na execución do control, que poderá realizarse en réxime permanente ou ordinario, e identifica a realización de auditorías como instrumento para o seu exercicio. Por fin o artigo 107 concentra as actividades de control no marco dun Plan anual de auditorías e habilita a Intervención Xeral ao recurso da colaboración con empresas privadas de auditoría.

O Decreto 101/2014, de 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda asigna á subdirección xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións as competencias atribuídas á Intervención Xeral nestas materias.

Con data 26/02/2015 aprobouse a Estratexia de auditoría de subvencións financiadas con fondos non comunitarios para o período 2015-2018. Coa mesma data aprobouse o Plan Anual de Auditoría para 2015, que inclúe, entre outras, as actuacións de control a realizar no ámbito das subvencións concedidas e financiadas con fondos non comunitarios, consonte á previsión establecida na Estratexia 2015-2018.

Rematado o proceso de licitación pertinente, o 08/05/2015 a Consellería de Facenda asinou contrato de servizo coa empresa **a3m auditores** para a colaboración coa Subdirección Xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións na realización do control e emisión do presente Informe.

Non se recibiron alegacións ao Informe provisional, polo que procedemos a elevar este a definitivo.



2. DATOS DA OPERACIÓN

2.1. Ficha técnica

REFERENCIA AUDITORÍA	OP/FNC/2015/18.2				
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Deportiva Galega de Taekwondo					
Sinatura:	30/12/2011				
Vixencia:	01-01-2012 a 31-12-2012				
Límite de xustificación:	15-01-2013				
UNIDADE XESTORA:	Secretaría Xeral para o Deporte				
BENEFICIARIO	Federación Galega de Taekwondo				
OPERACION					
Código XUMCO	20110402212	Tipo operación		313	
Financiamento	Fondos Propios	(%) 1030	---	(%) 3030	---
Execución	Anual	Anos	1	Inicio	2012
Prórroga	---	Anos	---	Total	1
DATOS CONTABLES E PAGOS					
Aplicación	04.60.441A.481.0		Proxecto	2012.00082	
AD	110.500,00 €	Data	08-02-2012	Xustificante	130.545,09 €
AD/	-8.287,50 €	Data	11-06-2012	Xustificado xestor	130.545,09 €
OK	55.250,00 €	Data	16-02-2012	Xustificado IXCA	130.545,09 €
OK	46.962,50 €	Data	07-08-2012	Anticipo	55.250,00 € 54%
P	55.250,00 €	Data	28-02-2012	Pagos a conta	46.962,50 € 46%
P	46.962,50 €	Data	15-10-2012	Pago final	----
				Pago total	102.212,50 € 100%
				Garantía	----
SEGUIMIENTO E REINTEGRO					
Reintegro	Non	Importe	-----	%	-----
Acordo inicio	-----	Procedencia	-----	Data ingreso	-----
Libera aval	-----	Importe	-----	Data libera	-----



2.2. Normativa reguladora

⇒ *Normativa estatal:*

- ✓ Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- ✓ Real Decreto 887/2007, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.

⇒ *Normativa autonómica:*

- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3. METODOLOXÍA E EQUIPO DE TRABALLO

3.1. Metodoloxía

A mostra seleccionase consonte aos criterios definidos na Estratexia de auditoría de subvencións de fondos non comunitarios para o período 2015-2018, aprobada por Resolución da IXCA do 26/02/2015. A asignación anual de auditorías estratifícase por tipo de subvención (ordinaria/concesión directa) e Consellería, en función do nivel de risco identificado. A poboación obxectivo integra o conxunto de referencias contables pagadas nun período que comprende o trienio inmediatamente anterior a selección. No caso 2015, a poboación considerada integra os convenios asinados polas Consellerías de Traballo e Benestar e a Presidencia da Xunta de Galicia.

A estratificación deriva na conformación de poboacións de tamaño reducido. Nesta situación a selección da mostra faise mediante un método aleatorio non estatístico, tomando en consideración o risco inherente (RI) e o risco de control (RC), segundo a seguinte indicación.

RI	RC	MOSTRA (% POBOACIÓN)
Baixo	Funciona ben	10 %
Baixo	Funciona	15 %
Baixo	Funciona parcialmente	20 %
Baixo	Non funciona	25 %
Alto	Funciona ben	15 %
Alto	Funciona	20 %
Alto	Funciona parcialmente	25 %
Alto	No funciona	30 %

Para a selección 2015 considérase un RI “alto” e un RC “funciona”, que determina a selección dunha mostra do 20 % das referencias contables identificadas. En todo caso, incorpórase a condición de auditar cando menos unha referencia por unidade de xestión. As referencias que integran máis dunha operación contable son obxecto de submostraxe, igualmente baixo criterios aleatorios non estatísticos.

A auditoría realízase conforme ás normas de auditoría internacionalmente aceptadas.



3.2. Equipo de traballo

O equipo de auditores da firma a3m auditores, responsable da execución da auditoría, está integrado polas seguintes persoas:

NOME	CONDICIÓN
M ^a Beatriz Eiroa Álvarez	Director
Marcos Gavieiro Vázquez	Auditor
María Esther Camba Pardo	Auditor
Miguel Barcia Seijo	Auditor

A auditoría se realiza baixo a dirección técnica da subdirección xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións, coa responsabilidade de supervisión das seguintes persoas:

NOME	CONDICIÓN
Manuel Castro-Gil Amigo	Subdirector xeral
Enrique Solorzano González	Auditor
Iciar Fernández Burgo	Auditora



4. OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS

4.1. Obxectivos

Con carácter xeral o obxectivo do control foi, por un lado, a verificación do cumprimento das condicións establecidas na normativa tanto comunitaria como estatal e autonómica e no convenio de colaboración firmado, e por outra parte a verificación da realización da actuación co fin de obter evidencia suficiente de que os fondos percibidos cumpren a finalidade e demais condicións impostas na normativa reguladora e no convenio regulador da operación obxecto de control.

Consonte ao disposto no artigo 44.2. da Lei 9/2007 o control financeiro de subvencións ten por obxecto verificar:

- ✓ A axeitada e correcta formalización do convenio.
- ✓ O cumprimento por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigas na xestión e aplicación do convenio.
- ✓ A axeitada e correcta xustificación do convenio.
- ✓ A realidade e regularidade das operacións financiadas co convenio.
- ✓ O axeitado e correcto financiamento das actividades obxecto de convenio.
- ✓ A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á administración por beneficiarios e entidades colaboradoras que puidesen afectar ó convenio.
- ✓ Determinación do cumprimento da normativa en materia de axudas de estado.

4.2. Alcance

A auditoría de subvencións financiadas con fondos non comunitarios cubre exclusivamente as axudas xestionadas pola Administración autonómica e financiadas con fondos propios ou finalistas do Estado, tanto en capítulo IV como VII do orzamento de gasto, sexa como subvención ou como convenio.

As auditorías poden alcanzar a beneficiarios e entidades colaboradoras, así como ás unidades xestoras das axudas. Poden estenderse ás persoas físicas ou xurídicas ás que se atopen asociados os beneficiarios, así como a calquera outra persoa susceptible de prestar interese.

O control financeiro dos convenios poderá abranguer:

- ✓ Exame de rexistros contables, contas ou estados financeiros e a documentación que os soporte de beneficiarios e entidades colaboradoras.
- ✓ O exame de operacións individualizadas e concretas relacionadas ou que puidesen afectar ás subvencións.
- ✓ A comprobación material dos investimentos financiados.
- ✓ As actuacións concretas de control que deban realizarse.
- ✓ Calquera outra comprobación que resulte necesaria.

O noso traballo consistiu na verificación da documentación xustificativa e outras probas, utilizando técnicas de auditoría, de acordo cos pregos de prescricións técnicas establecidas para a contratación.



4.3. Limitacións ao alcance

Durante a execución da auditoría e, particularmente, nas visitas “in situ” realizadas, non se produciron limitacións ao alcance que impidiran satisfacer plenamente a verificación dos extremos indicados nos epígrafes anteriores.

5. RESULTADOS DO TRABALLO

Con data 30/12/2011 a Secretaría Xeral para o Deporte asina Convenio de colaboración coa Federación Galega de Taekwondo por un importe de 110.500 euros, nos termos de actividade e actuacións, así como económicos, reflectidos no seu Anexo I (Gastos xerais, Actividade Ordinaria e Tecnificación). Con data 26/04/2012 asíñase Addenda ó Convenio firmado, diminuindo o seu importe á contía de 102.212,50 euros. O convenio establece unha vixencia dende o 01/01/2012 ata o 31/12/2012, sendo a data límite para a xustificación do mesmo o 15/01/2013, debendo cumprir a Federación Galega de Taekwondo as seguintes obrigas:

- ✓ Executar a actividade que se acompaña como Anexo I ó Convenio.
- ✓ Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte e aos procedementos de fiscalización da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Consello de Contas.
- ✓ Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- ✓ Comunicarlle á entidade concedente á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- ✓ Acreditar achegarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e de non ter débedas coa comunidade autónoma mediante declaración responsable.
- ✓ Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o artigo 34 da Lei Xeral do Deporte de Galicia.
- ✓ Incluír a identidade corporativa da Secretaría Xeral para p Deporte en tódalas comunicacións, presenzas publicitarias e medios de comunicación da Federación e demais medidas de publicidade.
- ✓ Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Respecto ó libramento da axuda, o Convenio contempla a realización de dous pagamentos anticipados do 50% da contía total da subvención concedida. O primeiro, no momento da sinatura do Convenio; e o segundo, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo. Este segundo anticipo xustificárase antes do 15 de xaneiro de 2013.

Con data 29/05/2012 a Federación Galega de Taekwondo presenta solicitude de pago xunto coa primeira xustificación de gastos realizados por importe de 56.197,24 euros. Posteriormente presenta a segunda xustificación por importe de 74.347,85 euros, se ben non consta na documentación revisada a data desta xustificación. Con data 28/02/2012, a Secretaría Xeral para o Deporte procede ao abono de 55.250 euros, correspondentes ao primeiro anticipo polo 50% da contía total da subvención prevista no Convenio. Una vez xustificado pola Federación Galega de Surf este primeiro anticipo o 29/05/2012, con data 15/10/2012 a Secretaría procede ao abono do segundo

anticipo, por importe de 46.962,50 euros. Ambos pagamentos supoñen o 100% do importe da axuda prevista na Addenda ó Convenio.

5.1. Feitos constatados no Órgano Xestor.

Respecto o cumprimento polo beneficiario das condicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, non constaba no Órgano Xestor certificado de cumprimento de ditas condicións.

Respecto do procedemento de tramitación do Convenio, na revisión do expediente verificouse que se seguiu o establecido na normativa reguladora para a tramitación de Convenios, verificando entre outros os seguintes requisitos:

- ✓ Existe memoria proposta xustificativa relativa ao Convenio analizado.
- ✓ Existe informe xustificativo acerca da imposibilidade de promover a concorrencia,
- ✓ Existe informe favorable da Asesoría Xurídica favorable á firma do Convenio.
- ✓ Existe informe da Intervención Delegada da Comunidade Autónoma favorable á firma do Convenio.
- ✓ Existe informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios favorable á firma do Convenio. En dito informe se indica que o convenio analizado non constitúe unha axuda de estado.
- ✓ Verificouse a inscrición do Convenio no Rexistro Centralizado da Dirección de Relacións Institucionais.
- ✓ Verificouse que o texto do Convenio inclúe a totalidade de requisitos esixidos polo artigo 40 do Decreto 11/2009.
- ✓ Dado que o importe global dos Convenios (*convenios con varias federacións*) é superior a 150.000,00 euros, verificouse a aprobación do mesmo polo Consello da Xunta.

Segundo consta na documentación en poder do Órgano Xestor, a Federación Galega de Taekwondo presentou as xustificacións dos gastos realizados, segundo o seguinte detalle:

Data Xustificación	Importe (€)
29-05-2012	56.197,24
Non consta	73.347,85
TOTAL	130.545,09

A primeira xustificación foi presentada en prazo. No caso da segunda, non constaba na documentación do xestor selo no que quedara rexistrada a data de entrada da devandita documentación, nin figuraba na mesma a data de remisión por parte da Federación.